

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002009(26113)**, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas

## **Emenda de modificación**

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a considerar, de cara ao período post 2020 e sempre que encaixe dentro das prioridades da normativa que está a elaborar a Comisión europea, o desenvolvemento dunha estratexia de Investimento Territorial Integrado co obxectivo de axudar a reverter a situación de regresión demográfica na que están moitas das comarcas galegas.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/05/2018 17:09:23**

**Raquel Arias Rodríguez na data 30/05/2018 17:09:56**